

**CIG****Boletín  
Sindical**

Nº 51 - 2021

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

# O VIII Congreso da CIG renova a Executiva e reelixe a Paulo Carril

O VIII Congreso da CIG, que tivo lugar o sábado 9 de outubro en Santiago, reelixiu a Paulo Carril como secretario xeral e renovou a Executiva que se encargará de dirixir a central nos vindeiros catro anos.

No encontro, o primeiro que se celebrou como central con máis representación en Galiza –xa o era en afiliación e en capacidade de mobilización– participaron máis de 500 delegados/as, que baixo o lema ‘Forza para Avanzar’ actualizaron o modelo de organización e definiron as liñas de acción sindical que guiarán o traballo a desenvolver.

A nova Executiva Confederal colleitou 477 votos a favor, 29 en branco e 3 nulos, mentres que a candidatura de Paulo Carril, a única que concorreu ao proceso, sumou 464 votos a favor, 35 en branco e 7 nulos. Deste xeito, o órgano de dirección queda conformado por Paulo Carril Vázquez, Susana Méndez Rodríguez, Paulo Rubido Bará, Francisco González Sío, Antonio Mera de La Fuente, Lucía Freire Ces, Miguel Malvido Cabirto, Nicolasa Castro Monteiro, Cristina Martínez Padín, Anxo Noceda Carballo, Renato Núñez Da Silva e Diana Rodríguez Regueira.

O VIII Congreso elixiu ademais a Comisión de Garantías, que foi referendada por 472 votos a favor, 40 brancos e 4 nulos e que fica integrada por Birino Marcos Baamonde, Marta Dacosta Alonso, María Mar Peteira Cabana, Nieves Somoza López, Luis Burgos Díaz e Xosé Ramón González Losada.

A xornada de debate comezou a primeira hora coa votación do Regulamento, a intervención do secretario co-



marcal da CIG de Santiago, Pepe Maio, e a proxección dun vídeo que resumía a acción sindical e a conflitividade máis salientábel dos últimos catro anos. Os delegados/as asistentes dedicaron ademais un minuto de silencio en memoria do que foi secretario comarcal da CIG de Ourense, Etelvino Blanco.

## Primeira forza sindical

A continuación sucedéronse as intervencións arredor dos textos de Organización e Acción Sindical, que fixan como obxectivo fortalecer o sindicato para consolidar a súa condición de primeira forza sindical do país e enfrontar a crise económica, laboral e social agravada pola pandemia. Tamén se aprobaron máis de 20 resolucións de apoio a distintas loitas e na defensa da sanidade e dos servizos públicos.

Antes do acto de clausura, Margarida Corral, até o de agora secretaria das Mulleres da CIG, e Fran Cartelle, secretario confederal de Emprego, re-

cibían o aplauso unánime do Congreso en recoñecemento ao labor desenvolvido como membros da Executiva e un agasallo de mans do secretario xeral.

Interviñeron ademais, en representación das máis de 25 organizacións sindicais internacionais asistentes, a secretaria xeral de LAB, o secretario xeral da Intersindical catalá, o secretario xeral de ELA, o responsábel de Relacións Internacionais da CGTP, un membro do secretariado do sindicato palestino PGFTU e a responsábel de Relacións Internacionais do sindicato saharauí UGT-Sario.

Antes do Congreso celebrouse un Seminario Internacional co título ‘A defensa do traballo na era covid-19’ e unha homenaxe ao centenario das loitas da Patagonia Rebelde.

Paulo Carril, na súa condición de reelixido secretario xeral, pechou o Congreso cunha intervención na que repasou os principais obxectivos da CIG de cara aos próximos catro anos.

# A central lidera a conflitividade laboral e a mobilización social no noso país

O Informe da Executiva saínte, que recolle o traballo desenvolvido pola CIG dende a celebración do anterior Congreso, saíu adiante con 465 votos a favor, 1 en contra e 7 abstencións. O documento fai fincapé en que neste período a central acadou “un protagonismo indiscutíbel na organización da conflitividade laboral e na mobilización social, así como no lanzamento de alternativas e propostas para armar a defensa da clase traballadora galega”.

Tamén salienta a forte implantación da CIG por todo o país e en todos os sectores e a súa posición como primeira forza en número de delegados/as, así como que o 10% da poboación asalariada galega xa está afiliada á central, o que garante “unha situación económica e financeira solidamente saneada e vigorosa e sen máis dependencias económicas que a da nosa afiliación”.

O Informe analiza o contexto político, económico, laboral e sindical que se viviu neste período, marcado por unha nova recesión económica cando aínda non estaba superada a crise financeira de 2008, e que empeorou a partir de 2020, coa covid. Unha pandemia que evidenciou “as eivas e inxustizas do capitalismo” e na que primaron “os intereses económicos privados, mentres cada vez máis sectores das clases populares están na máis absoluta desprotección social e sanitaria”.

Tamén se denuncia a expulsión do persoal eventual do mundo do traballo, quedando sen protección, ao igual que as persoas que sufriron as consecuencias dos ERTE, co caos no cobro das prestacións, a falta de control ou a imposibilidade de dar resposta aos requirimentos e trámites.

Isto xunto á intensificación da dixitalización dos procesos produtivos e da descarbonización da economía, coas ameazas económicas, sociais e laborais que supoñen para a maioría social e o futuro do noso pobo e á aparición de novas formas de precariedade e explotación vinculadas ao



teletraballo ou á subcontratación en cadea, entre outras.

Ademais, cárgase contra o chamado diálogo social por parte do Goberno español, CCOO, UGT e a patronal, que facilita a implantación de medidas que “non restitúen dereitos nin posibilitan unha recuperación económica e social xusta, senón que fomentan a desmobilización da clase traballadora e dos sectores populares”.

### Emerxencia nacional e social

A actual situación de Galiza é cualificada de “auténtica emerxencia nacional e social” e responsabilízase os sucesivos Gobernos de Feijóo do deterioro “da calidade de vida, do emprego, da industria, dos servizos públicos, da evolución demográfica, da normalización lingüística e do desenvolvemento cultural”, ademais do importante déficit democrático de todas as institucións públicas e dos medios de comunicación, nomeadamente os públicos.

Outros aspectos negativos teñen que ver coa ofensiva na promoción da eucaliptización, co noso papel de subministradores de recursos minerais e de enerxía eléctrica para o resto do Estado español e na terciarización da economía, ligada especialmente ao turismo e ao Camiño de Santiago, xa que “é unha falsa alternativa de futuro para ter un crecemento económico forte e ser fonte creadora de emprego digno”.

Alértase da grave situación do emprego: escaso, temporal, precario e onde a rotación contractual “acada

niveis traumáticos”, medrando de forma desmesurada a figura da persoa traballadora pobre porque “cada vez máis ter un posto de traballo non garante a cobertura das necesidades vitais básicas”.

Fronte a isto, saliéntase o papel da CIG, que deu prioridade á loita contra as novas formas de explotación e desenvolveu campañas contra os Centros Especiais de Emprego, as empresas multiservizos, as ETT ou a parcialidade na contratación, coas que se conseguiu a súa prohibición en diferentes convenios sectoriais e de empresa.

Tamén o incremento da formación de cadros en materia de igualdade; a consolidación dun espazo organizativo propio; a intensa actividade da Comisión Nacional de Mulleres da CIG e o papel da central sindical nos paros de mulleres, que estiveron acompañados das mobilizacións máis numerosas da historia recente.

O informe recolle ademais o traballo desenvolvido en materia de saúde laboral nun período no que se agudizaron os problemas preventivos estruturais, razón pola que a CIG promoveu a creación dunha Comisión Técnica sobre sinistralidade laboral grave e mortal en Galiza.

En canto á acción institucional, subliña a renovación da presidencia do Consello Económico e Social de Galiza, a non elección da presidencia no Consello Galego de Relacións Laborais e o bloqueo imposto polos Gobernos, patronal, UGT e CCOO ao normal funcionamento das institucións.



# Forza para avanzar

## Cara a unha saída galega xusta da crise



O Congreso tamén debateu e aprobou os Relatorios de Acción Sindical e de Organización, nos que se marcan as principais liñas de actuación e de fortalecemento da estrutura, co obxectivo de avanzar cara a unha saída galega xusta da crise e de consolidar a CIG como primeira forza. O documento de Acción Sindical contempla un ambicioso plan de medidas alternativas para a recuperación económica, a industrialización e a creación de emprego digno.

Tamén urxe a impulsar a loita para forzar o Goberno español a derrogar as lesivas reformas nacidas da crise financeira de 2008. Máis tendo en conta que xa se anuncia un paquete de recortes do gasto público e novas reformas para acceder aos fondos de reconstrución da UE, e que a acción do PP na Xunta contribúe de forma intensa á destrución dos nosos sectores produtivos e industriais e a consolidar o modelo de colonización e dependencia de Galiza.

O plan de propostas CIG, que contén medidas transversais e sectoriais, demostra a viabilidade dun desenvolvemento galego propio e autocentrado se contamos con todos os instrumentos para recuperar o autogoberno e poder levar adiante un paquete de políticas públicas que concentren os recursos en favor das maiorías sociais. Como único xeito

de garantir unha protección social plena, sen exclusións, e o dereito a ter emprego, salarios e ingresos dignos para toda a clase traballadora galega.

En canto ao Relatorio de Organización, o documento salienta o papel da CIG como “instrumento útil e capaz, de contrapoder real fronte á explotación de clase”, que foi o que levou á central sindical a ser hoxe primeira forza en representatividade. Fixa como obxectivo para o próximos anos “consolidar e ampliar” a maioría sindical acadada pola CIG, para o que considera imprescindible que a central consolide este avance tamén no plano organizativo e ideolóxico, tendo en conta que o poder económico e o poder político “van recruar a súa ofensiva contra nós”.

Asume ademais que “a clave está en sermos un instrumento útil e capaz, de contrapoder real fronte á explotación de clase, de sermos combativas/os e firmes para avanzar nas conquistas de dereitos e na transformación da realidade”.

### Construír poder sindical

Para conseguir estes obxectivos aposta por reforzar os piares fundamentais: asemblearismo, participación, combatividade e construción de organización. Acumulando máis forzas para “construír poder sindi-

cal, porque onde hai sindicato, hai melloras reais nas nosas condicións laborais e de vida”.

Chama, xunto a isto, a aproveitar ao máximo as fortalezas que representa o modelo sindical da CIG para actuar en defensa dos intereses da case traballadora, especialmente nos centros de traballo onde non hai presenza sindical, pero tamén nos lugares onde a precariedade e a individualización das relacións laborais está a orde do día.

O documento salienta o medre afiliativo constante desde o anterior Congreso, o que garante manter a autonomía financeira da central e, xa que logo, “a independencia do noso labor sindical”. Un crecemento que se pretende manter establecendo plans anuais de afiliación e seguimentos trimestrais de evolución.

Finalmente, incide en que malia as dificultades para combinar as reivindicacións obreiras e proletarias co novo modelo social reivindicado polas mulleres, nun momento como o actual, “profundamente influído por dinámicas estatais, onde o feminismo académico e institucional ten unha grande forza e unha grande capacidade de influencia”, a CIG foi quen de rachar esa inercia e de introducir na axenda do movemento feminista galego as demandas do feminismo de clase.

# Carril chama a consolidar a CIG como primeira organización sindical galega

Paulo Carril, o reelixido secretario xeral, pechou o Congreso cunha intervención na que salientou os tres principais obxectivos da CIG para os próximos catro anos: consolidar o sindicato como primeira forza sindical en representatividade, afiliación e capacidade de mobilización; reforzar a organización e ser referentes do feminismo de clase; e afondar na loita pola soberanía nacional, afianzando o compromiso da central co movemento nacionalista galego.

Respecto do primeiro obxectivo advertiu que a maioría non se gaña dunha vez para sempre, que “é fráxil en relación ao poder do capital”, polo que chamou a consolidar no plano organizativo e ideolóxico os avances. Todo isto “no labor de convencer a máis sectores da clase traballadora da nosa alternativa, de facer valer o noso modelo sindical con todas as nosas forzas e iniciativas”.

Considerou que os poderes económico e político van recluir a súa ofensiva contra a CIG, polo que é máis necesario “ser un instrumento útil e capaz, de contrapoder real fronte á explotación de clase, de sermos combativas e firmes para avanzar nas conquistas de dereitos e na transformación da realidade”. Por iso chamou a convencer da nosa alternativa a máis sectores da clase traballadora, facendo medrar a toma de conciencia nacional e de clase, co obxectivo de conquistar a hexemonía social e a unidade dos traballadores e das traballadoras nunha central única galega.

Apuntou como segundo obxectivo reforzar a organización sindical e ser referentes do feminismo de clase, para o que considera imprescindible “combinar a formulación de propostas coa mobilización”, e advertiu de que o maior perigo do sindicalismo é “non saber estar á altura e substituír o conflito pola conciliación, polo pacto e o diálogo social, mentres o capitalismo avanza impondo o seu modelo”.



Como terceiro obxectivo sinalou a loita pola soberanía nacional de Galiza e o compromiso da CIG co movemento nacionalista galego fronte á ofensiva española e recentralizadora. “A CIG somos, no ámbito sindical, a expresión do proceso de autoorganización do pobo galego, como instrumento fundamental para facer realidade o exercicio da nosa capacidade de decidirmos por nós, sen dependencias, en pleno exercicio da soberanía á que temos dereito como nación”.

## Cara a folga xeral

Porque coa dependencia a clase traballadora e o pobo galego “retrocederemos na posibilidade de incidir e decidir sobre a política económica, social, industrial e laboral para poñela ao servizo dos nosos intereses, sentando as bases da construción do socialismo, obxectivos estratéxicos da CIG”.

Por iso “reivindicar o dereito a decidir é vital para facer fronte á crise e para demostrar a nosa capacidade de responsabilizámonos colectivamente do noso futuro, poñendo fin ás mentiras coas que nos mallan sobre a nosa incapacidade para sobrevivir se non é con máis dependencia e submisión a Madrid”.

Subliñou tamén a responsabilidade que ten a central de “tomar novas iniciativas mobilizadoras” e de asumir

que “temos que dar un salto cualitativo nas respostas a dar”. O propio Congreso aprobou neste sentido unha Resolución para iniciar unha intensa campaña que puidera rematar na convocatoria dunha folga xeral “de non darse avances” nun verdadeiro plan de recuperación económica, industrialización, creación de emprego digno, na defensa dos servizos públicos e dos dereitos laborais e sociais e na inmediata derogación das reformas laborais, da negociación colectiva, das pensións e do desemprego.

Na súa intervención Carril lembrou tamén as orixes do sindicato, que dende 1972 ten desenvolvido unha forte unidade e solidariedade de clase e no que “todas as persoas son necesarias, pero o único imprescindible é o proxecto que representamos, o sindicato que somos”.

Neste punto recoñeceu o labor dos miles de traballadores/as que, co seu compromiso e militancia, fixeron isto posíbel, “sempre desde o firme convencemento na autoorganización, na creación de instrumentos propios para defender os nosos intereses de clase e de nación”. Un compromiso a partir do que se edificou a CIG, un sindicato “nacionalista e de clase, combativo, de contrapoder e defensor dunha Galiza democrática e soberana”.

Finalmente, clamou contra unha UE que “segue sendo expresión da globalización ao servizo do capital financeiro” e que actúa “obsesionada en cumprir os dogmas neoliberais impondo duras políticas que afondan na redución do gasto público, nos recortes de dereitos laborais e sociais”, nunha nova fase da “ofensiva do capital contra o traballo”.

Fronte a isto, insistiu en que dependemos da nosa capacidade de nos organizar e mobilizar socialmente para forzar cambios que permitan conquistar políticas alternativas “para termos emprego, salarios e pensións dignas e poderemos vivir e traballar na Nosa Terra”.